



ven. 31 (20 e 22h30)  
sáb. 1 (17, 20 e 22h30)  
dom. 2 (17 e 20)  
luns 3 (22h30)



sáb. 8 (17, 20 e 22h30)  
dom. 9 (17 e 20)  
luns 10 (22h30)



ven. 14 (20 e 22h30)  
sáb. 15 (17, 20 e 22h30)  
dom. 16 (17 e 20)  
luns 17 (22h30)



*Os horarios do cine  
poden sufrir algún cambio,  
consultalos na carteleira ou en  
[www.concellodobarco.org](http://www.concellodobarco.org)*

## CINECLUB

**GROUCHO MARX**




en sesións de  
20h30 e 22h30

xoves 27

xoves 13

xoves 6



máis información en  
[cineclubgrouchomarx.blogspot.com](http://cineclubgrouchomarx.blogspot.com)

# CINE

[www.concellodobarco.org](http://www.concellodobarco.org)

O Barco de Valdeorras

# Teatro Lauro Olmo

programación novembro 08



CONCELLO  
O BARCO DE VALDEORRAS  
Cancellaría de Cultura



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



Asociación Galega das  
Industrias Culturais

## Hendaya mon amour Bacana Producións


venres  
7 novembro  
21h00  
Público adulto



**Interpretes:** César Goldi e Julio Abonjo  
**Libreto e dirección:** Julio Abonjo

Este verán unha amiga miña recomendounos ir ver a obra "Hendaya, mon amour" da compañía Bacana. Foi un acerto. É unha compañía galega de xente nova, que fai producións propias deixándose a pel naquilo sen perder nin pizca de ilusión. A obra encantoume; eu, que non os coñecía, quedei namorada. Se César Goldi é un actorazo, e borda o papel de Francisco Frango (Paco), Xúlio Abonjo crava o de Adolfo The Hit (Fito). Rín ata doerme a barriga, encantáronme as cancións (especialmente a de "son un ditador")... É unha paradiá do famoso encontro entre os ditadores en Francia. Sei que talvez alguén poida pensar que é moi frívolo rír da historia, do que se sufriu con eles. E non. A obra está feita con moito gusto, con moito humor, provocando situacións absurdas. Que de puro absurdo é obrigatorio rír. Que rír de certas cousas é só unha forma de demostrar o en contra que estás delas, o absurdas que che parecen, ...

(comentario do blog [srtadeazul.blogspot.com](http://srtadeazul.blogspot.com))



# Flis-fli-ris-flás

Cía. Matapiollos

martes 11 novembro

Espectáculo teatral da compañía Matapiollos, dirixido por Jorge Coira, en sesión dobre, ás 10 e ás 12 h, para alumnos e alumnas de 1º e 2º de primaria. Está patrocinado pola Dirección Xeral de Política Liguística en colaboración coa Editorial Galaxia e o Concello do Barco para a promoción da lectura en galego.

## O club da calceta

### Teatro do Morcego



os días 19 e 20 terán lugar representacions para estudantes de secundaria da comarca en horario escolar

venres  
21 novembro  
21h00  
Público adulto

**Autora:** María Reimóndez

**Dirección:** Celso Parada

**Intérpretes:** Estíbaliz Espinosa, Susana Dans, Laura Ponte, Maxo Barjas, Elina Luaces, Luisa Merelas, Inma Antonio.

Seis mulleres moi diferentes entre si acoden a clases de calceta, un lugar onde converxen as súas frustracións pero, tamén, un lugar onde toman conciencia da súa situación e da necesidade de superala. A través dun espazo tan tradicionalmente feminino como a calceta, estas mulleres atopan no valor da unidade a forza para sobrepoñerse a un presente que as nega ou minusvalora. Desde a intriga e a hilaridade, emerxe unha profunda reflexión e revisión sobre a condición feminina. Inspiradas na figura liberadora da tía Davinia, Matilde, Anxos, Rebeca, Elvira, Luz e Fernanda van facéndonos partícipes da súa historia desde un multiperspectivismo que desfai os fíos dunha sociedade machista.

# OUTONO

## FOTOGRAFICO

### EXPOSICIÓNS

#### RETRATOS

Un dos campos tradicionais do mundo da fotografía é o retrato, as xentes. O noso colectivo tentou xuntar unha mostra heteroxénea deste campo do mundo da imaxe. Íntimos, espontáneos, de estudio, experimentais, contextualizados ou descontextualizados. Cada un de nós tomou partido por un xeito de facer. Participantes: Moncho Iglesias, Manuel Graña, Ernesto Gómez, Nando Mauriz, David Mateo, Antonio Lema, Eduardo Castro Bal e Santos-Díez. Exposición do colectivo Olla de Vidro, da Coruña.

**Na Galería Sargadelos, do 29 de outubro ao 15 de novembro**

#### GALICIA, CAMIÑO CELESTE

de Xurxo Lobato

Imaxes de toda Galicia tomadas desde o aire e que deron forma ao libro do mesmo título, editado por Lunwerg e a Fundación Caixa Galicia, en que se ofrece unha radiografía da xeografía galega actual. Como rexistro documental e como recreación estética, as fotografías son o testemuño da intervención sobre o medio físico, deixando constancia da actividade económica ou chamando a atención sobre aspectos tales como a demografía ou a biodiversidade. As constantes de permanencia e troco que se observan na paisaxe galega son captadas pola cámara fotográfica desde unha perspectiva nova que incide na pluralidade e na riqueza do noso territorio.

**No Centro Comarcal, do 3 ao 29 de novembro**

SARGADELOS

CAIXA GALICIA

#### PAISAXES

de Jorge Cacharrón

Percorrido visual do inmenso valor paisaxístico que ten a comarca de Caldelas (Ourense), para atopar ese misterio que envolve o verde galego, os recantos, as fontes e camiños; en definitiva, trátase de reflectir a súa beleza e diversidade.

**Na Sala de Caixanova, do 3 ao 15 de novembro**

SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA

caixanova

#### O PATRIMONIO CULTURAL DE VALDEORRAS

Varios autores. Participantes no II Premio de fotografía Manuel Blanco Pascual. O Instituto de Estudos Valdeorreses (IEV) presenta, por terceiro ano consecutivo, dentro do Outono Fotográfico, os resultados do concurso que convoca para honrar a memoria do fotógrafo barquense, desaparecido trala Guerra Civil, Manuel Blanco Pascual, o que máis e mellor fotografou a vida social, o territorio e os elementos patrimoniais do Barco e a súa comarca entre 1915 e 1936. Serán expostas tanto as obras premiadas como as finalistas.

**Na Galería Sargadelos, do 17 ao 5 de decembro**



#### TRANSPOSITIO

de Bea Romarty

«... se facer transposición de sentidos por axenciamento dos códigos implica poder estruturar a inserción e despregamento dos lied e motivos inferidos, entón é posible pensar, talvez, que: a enerxía recodificable dos códigos podería ser como a transferencia interconectada da existencia máterica, entendida así a existencia como formas cíclicas e dinámicas de enerxía en distintos estratos estruturais... Será este un novo axioma para poder desantropocentrizar a enerxía que fundamenta a lóxica de ser? Natural? Artificial? Neo...? Que é o universo?, quen son?, que é existir?...». Isto pensa Penélope na súa viaxe virtual por outros mundos [capítulo segundo].

**Na Sala de Caixanova, do 17 ao 30 de novembro**